

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 17 setembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

**PUNTO 2.º COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO
INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Asuntos económicos e contratación

3.2.5 Adxudicación do contrato para a actualización e mantemento da aplicación de tradución automática (Opentrad) do Parlamento de Galicia (STI-PA.STA- 7/2024)

I. O 30 de xullo de 2024, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas desta contratación administrativa, mediante procedemento aberto simplificado con tramitación abreviada, e por un valor estimado de 30.000,00 €.

II. O procedemento foi publicado na plataforma de contratos públicos de Galicia e na plataforma de licitación electrónica do Parlamento de Galicia, xunto cos pregos e o resto da información e documentación legalmente exixida, o 2 de agosto de 2024. Sendo o prazo de finalización de ofertas o 20 de agosto de 2024, presentáronse as seguintes proposicións:

- Factoría de Software e Multimedia, SL. B70001912 05/08/2024 14:09

III. O Servizo de Persoal e Réxime Interior procedeu á apertura das proposicións presentadas. Descargada a documentación procedeuse á comprobación da validez dos respectivos documentos.

A documentación técnica presentada polo único licitador foi remitida ao Servizo de Tecnoloxías da Información para o seu estudo e comprobación da adecuación e sometemento aos requirimentos técnicos exixidos nos pregos.

IV. O Servizo de Tecnoloxías da Información, con data de 4 de setembro, verifica que a solución que oferta Factoría de Software e Multimedia, SL. cumpre cos requisitos técnicos mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas, e emite informe favorable para a antedita oferta.

V. A oferta económica da empresa concorrente presentada é a que segue:

	Ofertado por Factoría de Software e Multimedia, SL. (orxamentos máximo de licitación 36.300 € con IVE)	
	en letras:	Trinta mil euros



Prezo servizo para unha duración de 5 anos (excluído o IVE)	en números:	30.000 €
IVE	en letras:	Seis mil, trescentos euros.
	en números:	6.300 €
Total oferta con IVE	en letras:	Trinta e seis mil euros.
	en números:	36.300 €

VI. Conforme ao establecido na cláusula décima do prego do cláusulas administrativas o Servizo de Persoal e Réxime Interior accedeu aos servizos telemáticos correspondentes para descargar os certificados de inscrición da empresa que presenta a oferta, **Factoría de Software e Multimedia, SL.** todos con sentido positivo.

Dado que ao abeiro do artigo 96 da LCSP a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou no seu lugar, o Rexistro de Licitadores da CCAA correspondente, acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, segundo o reflectido nel e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non das prohibicións de contratar que deban constar nel, procedeuse a comprobar a inscrición no Rexistro Oficial de Contratistas de Galicia, resultando que figura validamente inscrita, constando que está debidamente constituída, que está non incorre en prohibición para contratar, acreditando do mesmo xeito acreditación suficiente de que quen asina a proposición ter poder bastante de representación, e certificados da AEAT, ATRIGA e SS positivos.

Unha vez analizada toda documentación, polo técnico superior do Servizo de Persoal e Réxime Interior, ponse de manifesto que esta cumpre cos requisitos exixidos, polo que é procedente continuar co procedemento de adxudicación.

VII. En consecuencia, cumpridos os trámites legais e regulamentarios, propónse á Mesa do Parlamento, unha vez sexa esta proposta fiscalizada favorablemente pola Intervención da Cámara, adxudicar o contrato a Factoría de Software e Multimedia, SL, polo seguinte importe para a conxunto da contratación:

Prezo:30.000 €
IVE (21%):6.300 €
TOTAL:36.300 €



VIII. Visto o informe da Intervención da Cámara.

A Mesa do Parlamento adopta o seguinte ACORDO:

1º.-Adxudicar o contrato a Factoría de Software e Multimedia, SL, polo seguinte importe para a conxunto da contratación:

Prezo:30.000 €
IVE (21%):.....6.300 €
TOTAL:36.300 €

A duración do contrato establécese en cinco anos dende o 1 de outubro de 2024, ou, de formalizarse o contrato con posterioridade, dende o día seguinte á sinatura.

O pagamento realizarase en metálico, a pagar en cotas trimestrais en función do servizo realizado.

2º.- Comunicarlles este acordo ao licitador, á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior

3º.- A formalización do contrato entenderase realizado coa sinatura polo adxudicatario da notificación da adxudicación, que deberá achegar mediante a sede electrónica do Parlamento de Galicia (<https://sede.parlamentodegalicia.gal/>)

4º.- Publicar a adxudicación e/ou a formalización do contrato no perfil de contratante do Parlamento de Galicia.

5º.- Contra este acordo de adxudicación, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse, no prazo de dous meses desde o seguinte a esta notificación, recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia conforme ao disposto na lei reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de interpoñer, potestativamente, recurso de reposición, previsto nos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6º.- De conformidade co disposto no artigo 346 da LCSP, comunicación, se procede, dos datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do sector público.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2024

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

Xosé Antón
Sarmiento
Méndez, Letrado
Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Méndez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Xosé Antón Sarmiento Méndez,
Letrado Oficial Maior,
email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2024.09.20 09:56:55 +02'00'

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Persoal e Réxime Interior



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 20/09/2024 09:57:12
Nº Rexistro: 2894
Data envío: 20/09/2024 09:57:12.856

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 20/09/2024 9:56:55

CSV: REXISTRO-3DSaNYA3e-6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

